



### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 19 de setembro 2014 pola que se efectúa unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación.*

De acordo co previsto na Orde do 29 de abril de 2014 pola que se habilita e autoriza a Rede de centros para a modernización tecnolóxica de Galicia (rede CeMIT) para a formación e avaliación dos contidos formativos que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia, e dentro das actuacións e obxectivos do Plan de inclusión dixital de Galicia, anúnciase a convocatoria dun curso de preparación para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, que se desenvolverá de acordo coas seguintes bases:

**Primeira. Obxecto**

Obter a certificación galega de competencias dixitais, regulada polo Decreto 218/2011, do 17 de novembro, tras a adquisición, mediante un curso de preparación na modalidade de teleformación, das capacidades que constitúen o Plan formativo ofimático de Galicia e a súa posterior avaliación a través da correspondente proba presencial.

**Segunda. Destinatarios**

Persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes do remate do prazo de inscrición.

**Terceira. Organización do curso**

- a) Número de prazas: 360.
- b) Duración: 12 semanas (180 horas lectivas).
- c) Modalidade: teleformación titorizada a través da plataforma EMA da rede CeMIT.
- d) Datás: no último trimestre do ano.

**Cuarta. Contido**

No curso desenvolveranse os seguintes temas:

- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (30 horas).
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos. LibreOffice Writer (30 horas).
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo. LibreOffice Calc (50 horas).
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais. LibreOffice Base (50 horas).
- Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información. LibreOffice Impress (30 horas).

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233\_2 «Ofimática» (190 horas), asociado á unidade de competencia UC0233\_2 Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo poden consultarse no Real decreto 558/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de dúas cualificacións profesionais correspondentes á familia profesional de Administración e Xestión (BOE número 109, do 7 de maio).

**Quinta. Presentación de solicitudes e prazo**

1. As persoas que desexen participar no curso convocado nesta resolución deberán inscribirse na páxina web de CeMIT (<http://cemit.xunta.es>).
2. Con carácter previo á inscrición é necesario darse de alta como usuario/a da rede CeMIT. Nesta alta previa é imprescindible facilitar unha conta persoal de correo electrónico.
3. O prazo para a inscrición será de 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

A inscrición poderá realizarse ata as 14.00 horas da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4. Unha vez que remate o prazo de inscrición, publicarase a relación provisional de persoas admitidas na páxina web da rede CeMIT (<http://cemit.xunta.es>), así como un número adecuado de reservas.
5. As persoas admitidas deberán aboar no prazo de cinco días naturais desde a data da súa publicación a taxa de 10 euros correspondente aos dereitos de exame; serán excluídos aqueles aspirantes que non aboan a citada taxa.
6. Unha vez finalizado o prazo para que as persoas admitidas aboan os dereitos de exame, e no caso de existir prazas libres, chamarase da lista de espera para cubrir todas as prazas.

**Sexta. Criterios de selección**

Por rigorosa orde de recepción de inscricións.

As persoas que resulten seleccionadas poderán comunicar a súa renuncia a participar no desenvolvemento da actividade con polo menos 48 horas de antelación ao comezo desta. A devandita renuncia deberase comunicar por correo electrónico ao enderezo [formación-cemit@xunta.es](mailto:formación-cemit@xunta.es).